

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE MAIO DE 2019**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:00 horas do día 2 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

A sesión estaba convocada para as 11:00 horas pero non foi posible comezar a esa hora por problemas coa sinatura electrónica que impedían desencriptar os sobres das proposicións.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. José Ángel Otero Lamas, vogal suplente de D<sup>a</sup>. Begoña Arranz González

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)**

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 30 de abril de 2019 sobre os licitadores presentados que se transcribe a continuación:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 29-03-2019, para a contratación por procedemento aberto da "Prestación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo. EXPTE. 81-441" que rematou o día 29 de abril do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:*

1. TEMPO FS
2. FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:38	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA144-EAB2B1-2F864B-GK5Z81-EASXFM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. LIMPIEZAS FARO, S.L.
4. Urbaser
5. SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE SA
6. ACTÚA
7. LIMPIEZAS CIES, .SL.
8. STAR SERVICIOS
9. SAMYL S.L.
10. OHL SERVICIOS INGESAN
11. MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.”

Así mesmo, informa que tras a descriptación previa do sobre A mediante a plataforma de licitación electrónica, segundo o previsto na cláusula 20 do PCAP, se comprobou que a empresa OHL SERVICIOS INGESAN concorre a esta licitación en UTE con INGESER ATLÁNTICA, S.L.

A continuación pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Acto seguido procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. TEMPO FACILITY SERVICES
  2. FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.\*
  3. LIMPIEZAS FARO, S.L.
  4. URBASER SA
  5. SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.
  6. ACTÚA, SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.L.
  7. LIMPIEZAS CIES, S.L.
  8. SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.U., STAR
  9. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L., SAMYL
  10. UTE OHL SERVICIOS INGESAN e INGESER ATLÁNTICA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 60%-40%, respectivamente)
  11. MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.

\* FCC MEDIO AMBIENTE, S.A. non presenta no sobre A a información sobre a pertenza a un grupo de empresas (esixida na cláusula 14 do PCAP), se ben esta información se deduce da documentación presentada polos demais licitadores (que indican que non pertencen a un grupo de empresas ou si pero as demais non concorren a esta licitación) polo que non se considera necesaria a súa emenda.

### 3- Apertura da documentación técnica

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:38	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA144-EAB2B1-2F864B-GK5Z81-EASXFM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

